

Programa “Cabanas Concilia”

Ludoteca

INFORMACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Este programa permite que nenas e nenos convivan, se divirtan e se desenvolvan a diversos niveis (emocional, educativo, social...) durante o período vacacional mentres as familias se benefician dun recurso que lles permite conciliar a súa vida persoal, laboral e familiar.

Está pensando como un espazo para o coidado, entretemento e a aprendizaxe non formal no que se promoverán a igualdade, a participación e o bo trato. As actividades están planificadas para nenas e nenos de entre 3 e 12 anos e desenvolverase nos **meses de xullo e agosto**, así (sempre que haxa un mínimo de 10 nenas/os inscritos/as) no **Apeadoiro do Concello de Cabanas**. No que caso que haxa demanda suficiente de persoas empadroadas no Concello de Cabanas poderá crearse outro grupo noutro espazo do municipio.

O horario ordinario das actividades será **desde as 9.00 ás 14.30 horas**.

ASPECTOS A TER EN CONTA

- As nenas e nenos deben ser acompañadas/os ata a entrada do local e asegurarse de que son recibidas/os polo monitorado.
Deberán levar unha bolsa de plástico cunha **muda completa** para deixar sempre no local. Ademais como cada día farase unha saída diferente, as nenas e nenos deben saír sempre da casa cos tenis e calcetíns postos e levar na mochila unhas sandalias ou chanclas, cando llo pida o monitorado (tamén se poden deixar no local). A roupa e calzado coa que veñan vestidos/as debe ser cómoda e con posibilidade de mancharse. Ademais deberá ter o **nome da nena ou neno**
- A media mañá haberá un pequeno descanso para recuperar forzas cunha **merenda** que deberán traer da casa. Fomentárase as merendas saudables, polo que tódolos días reforzase as nenas e nenos cun sistema de reforzo positivo cando traian da casa froita (pegándolles unha pegatina na roupa, pintándolles un debuxiño nunha parte do corpo...). Ademais da froita, recoméndase que leven produtos saudables e non industriais ou moi doces. Por último é imprescindible que leven unha **botella de auga**.
- Dentro das mochilas levarán sempre panos de papel, crema de protección solar e unha gorra. A crema debe vir botada da casa.

Programa Cabanas Concilia Ludoteca

Información sobre o funcionamento

Organización e recomendacións xerais

- Deberase comunicar ao persoal organizador das actividades calquera **apoio** e adaptación que sexa pertinente e posible para a mellor aproveitamento das persoas participantes nas actividades.
- Prégase puntualidade nas horas de entrada, sobre todo aqueles días nos que hai actividade no exterior, xa que o grupo deberá marchar á hora prevista.
- Se a nena/o debe faltar durante un mínimo de 3 días é necesario comunicarllo ao monitorado ou ás persoas coordinadoras.
- En calquera caso, nas circunstancias relacionadas coa conciliación persoal, laboral e familiar, as familias poden solicitar a participación do/a neno/a noutro horario. Para elo deberán consultalo previamente co persoal responsable do campamento.
- Recoméndase non mandar xogos e xoguetes da casa, ou si se mandan, entender que o resto de nenos e nenas xogarán con iso. O persoal técnico do campamento non se fará responsable de posibles danos ou extravío destes obxectos.
- Toda a información relativa a alerxias, enfermidades, tratamentos ou algunha outra cuestión médica, deberá comunicarse ao monitorado coas indicacións pertinentes.

PAGAMENTO

O pagamento da actividade, unha vez aceptada a solicitude de inscrición, farase directamente nas Oficinas Xerais do concello con **tarxeta bancaria** ou por transferencia bancaria no seguinte número de conta:

ES13 2080 0201 9831 1000 0052

Neste caso indicarse no concepto do ingreso estes **datos**:

- Ludoteca Cabanas Concilia 2023*
- Nome e apelidos da nena ou neno*
- Quenda que corresponda (quincena/mes de xullo ou agosto)*

En todo caso, o **pagamento efectuarase unha vez sexa confirmada a praza.**